


SCHULTE IM WALDE, Sabine e SMOLKA, Eva (eds.) (2020). *The Role of Constituents in Multiword Expressions: An Interdisciplinary, Cross-lingual Perspective*. Berlin: Language Science Press, ISBN 978-3-96110-184-9, 209 páxs.



O libro obxecto de recensión, editado por Sabine Schulte im Walde e Eva Smolka, leva por título *The role of constituents in multiword expressions. An interdisciplinary, cross-lingual perspective* e é a cuarta entrega de *Phraseology and Multiword Expressions* (PMWE), a colección de libros dixitais de acceso libre da editorial *Language Science Press* de Berlín.

Nel recompílanse sete artigos, todos en inglés, que presentan investigacións teóricas, psicolingüísticas, baseadas en corpus e lingüísticas da computación que tentan responder ou crear hipóteses para identificar cando e como as unidades fraseolóxicas (UF) teñen unha interpretación ou significado literal e cando sofren un cambio no seu significado; cales son as contribucións dos seus constituíntes no grao de transparencia semántica

(é dicir, a composicionalidade do significado) e como se procesan e computan as UF cun significado literal e cun cambio de significado.

Para iso, os especialistas que colaboraron analizaron UF non só de maneira interdisciplinaria, senón que ademais dende distintas linguas para achegar unha perspectiva interlingüística.

O termo acuñado durante toda a obra para referirse ás “expresións complexas” foi unidade fraseolóxica (UF), un termo propio da lingüística da computación que as súas editoras definen de maneira extensiva para incluír na súa clasificación os verbos preposicionais (PARTICLE VERBS), as composicións substantivo + substantivo (NOUN-NOUN COMPOUNDS) e os sintagmas (PHRASAL IDIOMS). En canto ao termo “constituíntes” (“constituents”) cómpre destacar que non se trataría necesariamente de simples constituíntes sintácticos, se non que se refiren a todos os posibles compoñentes dunha unidade fraseolóxica.

Antes dos devanditos artigos, ofrécese unha introdución realizada polas editoras e nas últimas seccións (que se corresponden cos apartados 2.1 a 2.3), presentan ademais un resumo das contribucións interdisciplinarias desta colección para os verbos derivados ou complexos (COMPLEX VERBS), composicións nominais (NOUN COMPOUNDS) e enunciados fraseolóxicos (IDIOMATIC EXPRESSIONS); un apartado de gran interese para revisar unha vez acabada a lectura.

No primeiro capítulo *Aiming with → arrows ← at particles: Towards a conceptual analysis of directional meaning components in German particle verbs*, Sylvia Springorum e Sabine Schulte im Walde estudan os verbos separables alemáns (German particle verbs ou PVs), en concreto a súa contribución ao significado das partículas preposicionais.

O obxectivo deste traballo é comprobar esta hipótese *a través de constatar* se nove partículas preposicionais concretas (ab, an, auf, aus, ein, mit, nach, vor, zu) nos verbos separables alemáns poderían asociarse, aínda que variando na súa flexibilidade, con conceptos de direccionalidade.

Para demostralo realizouse un experimento con 60 participantes aos que se lles presentaron 16 imaxes conceptuais, con frechas debuxadas que marcaban distintas direccións, e pedíuselles asociar unha ou máis a cada verbo da súa lista (seleccionaron 30 que ao prefixar coas nove partículas crearon 270 verbos, distribuídos aleatoriamente en 6 listas; dita selección preséntase ao final do artigo no seu apéndice).

Por exemplo, para a partícula *aus*, as autoras na súa hipótese afirman que poderían asociala cunha serie de imaxes conceptuais: a frecha horizontal e vertical sinalando ambas direccións e as súas variantes diagonais, a espiral que representa un movemento do centro para fóra e mesmo a frecha horizontal dirixida á dereita.

Esta variedade explicábase pola natureza da partícula de ser relacionada coa expansión espacial, co crecemento dun obxecto que se podería conceptualizar coas cinco primeiras. A última, máis sinxela, xustifícanse desde unha perspectiva extrínseca ao obxecto, xa que introduce unha área pechada, un contedor, que distingue entón entre interior e exterior; con esta concepción, a imaxe conceptual horizontal-dereita representa a dirección “por defecto”, independente da gravidade, que apunta dunha zona interior a unha exterior. Todos os resultados ilústranse de forma descritiva con mapas de calor, aínda que achegan un desenglobe e explicación dos resultados de cada partícula.

No caso da partícula *aus* explican que a imaxe conceptual máis elixida foi a espiral que representa un movemento do centro cara fóra, unha das opcións que se propoñían. A xustificación das investigadoras a esta tendencia é a forte asociación do significado dominante referido a ese esquema de imaxe do contedor que expuxeran. Con todo, admiten que dada a limitación bidimensional do seu estudo a relevancia da representación do contedor mantense como unha especulación o cal pon en dúbida a elección dos materiais.

Como conclusión afirmase que os conceptos direccionais si xogan un papel importante na composición semántica das partículas verbais, ao coincidir, en maior medida, as imaxes conceptuais seleccionadas coas direccións das partículas. Por tanto, afirmase que a dirección é un concepto que debe terse en conta como parte do proceso de composición dos verbos separables alemáns e da contribución da partícula ao significado do verbo.

Sandro Pezzelle e Marco Marelli no segundo artigo *Do semantic features capture a syntactic classification of compounds? Insights from compositional distributional semantics* teñen como obxectivo probar que as propiedades semánticas cuantitativas son paralelas ás distincións gramaticais cualitativas e polo tanto proclamar a eficacia e validez de ambas propostas. Para iso analízanse e compáranse as predicións de dúas clasificacións distintas: a interlingüística de Bisetto y Scalise (2005) e as combinacións conceptuais (Wisniewski 1996; Costello & Keane 2000) da literatura da psicoloxía cognitiva. Desta forma, aínda que presentando primeiro as diferenzas aparentes entre os modelos, asocian os tipos identificados entre si: as interpretacións de relación por

ligazón cos compostos subordinantes, as interpretacións por correlación de propiedade cos atributivos e as híbridas/conxuntivas coas coordinantes.

Pezzelle e Marelli tentan comprobar se as variables semánticas poden predicir estas clasificacións, utilizando o modelo de semántica distribucional (MSD) no cal os significados lexicais se representan codificados xeometricamente como vectores segundo o contexto no que aparezan no corpus.

Realizaron un experimento no que se usou unha mostra da base de datos MorBoComp, que despois dun proceso de filtrado, incluía 132 compostos ingleses (67 SUB, 49 ATT e 16 CRD), que estaban previamente clasificados como subordinados (SUB), atributivos (ATT) ou coordinados (CRD). A cada un destes compostos finais xeróuselle unha representación vectorial co fin de cuantificar en que medida cada palabra contribuía ao significado global obtido composicionalmente.

Os resultados, resumidos en táboas e analizados modelo a modelo en seccións independentes, demostraron parcialmente que os compostos coordinados predinse sobre os subordinados e os atributivos debido á similitude semántica da súa raíz e modificador. Ademais indican que os compostos subordinados poden predicirse sobre os atributivos pola similitude entre os seus compostos e os seus constituíntes.

Os autores conclúen afirmando que as clasificacións lingüísticas cualitativas e discretas e a variación continua e cuantitativa do significado dos constituíntes dun composto son ***dúas caras da mesma moeda***.

A única falla do modelo é que podería estar levemente inclinado cara ás combinacións substantivo-substantivo debido á decisión de usar só este tipo na fase de adestramento e isto supoñería un punto débil do sistema. Aínda que nun principio se afirma que os resultados mostraron un rendemento similar e óptimo en todos os constituíntes, independentemente da súa categoría gramatical, os autores rematan admitindo que un adestramento máis variado permitiría obter resultados mellores e que os autores preveñen seguir investigando esta cuestión.

No seguinte artigo, *Compositionality in English deverbal compounds: The role of the head* de Gianina Iordăchioaia, Lonneke van der Plas e Glorianna Jagfeld, preséntase un estudo interdisciplinario sobre como as propiedades morfosintácticas da raíz do substantivo deverbal poden predicir a interpretación do composto, mediada pola relación sintáctico-semántica entre os demais elementos e a raíz.

As autoras expoñen na súa hipótese que os compostos deverbais cuxas raíces nominais de estrutura argumental son totalmente composicionais e máis facilmente previsibles, no seu sistema, xa que a súa estrutura desencadea unha interpretación de obxecto nos seus demais compoñentes; a diferenza dos sintagmas nominais de resultado (result nominal ou RN) que se constrúen composicionalmente e están lexicalizados, nos que a súa aparente morfoloxía derivacional deverbal é irrelevante; son neste aspecto similares aos substantivos non derivados.

Para probar esta hipótese, examinaron compostos deverbais en busca dun conxunto de propiedades morfosintácticas e semánticas que Grimshaw identificara como específicas dos sintagmas nominais. Unha delas denomínana “proceso-vs-resultado” (P-R), é dicir, analizaron se a raíz se refire a un proceso en curso ou ao seu resultado. A continuación, utilizaron unha técnica de aprendizaxe automática na que configuraron un clasificador de regresión loxística para modelar se estas características predicían a relación entre a raíz e os outros elementos, en particular se estes últimos eran un obxecto ou non.

Os resultados confirmaron a súa hipótese acerca dos compostos deverbais cuxas raíces nominais de estrutura argumental, aínda que expuxeron algunhas cuestións para futuras investigacións, como a necesidade de máis estudos sobre o papel dos sufixos na interpretación do substantivo verbal.

A pesares disto, as autoras conclúen que os compostos deverbais son composiciónais só na medida en que as súas raíces evidencian propiedades dos sintagmas nominais; ditos compostos son tamén máis transparentes que aqueles cuxas raíces evidencian propiedades dos sintagmas nominais de resultado.

No cuarto artigo, *What can we learn from novel compounds?* Gary Libben analiza os compostos novos e presenta os resultados dun experimento que investiga se se activan todas as posibles subcadeas léxicas en compostos ortograficamente ambiguos.

Pero primeiro expón un exemplo do tipo de procesamento léxico que expón de maneira sinxela o obxecto do estudo: a tenda de mobles de Viena chamada *FantasTeak*. Esta tenda presenta unha maiúscula intermedia para resaltar *Teak* (madeira de teca), xa que se non, por exemplo, *Fantasteak* parece xerar a activación da subpalabra *Steak* (filete), opción que se utilizou nun restaurante de filetes en Australia. Polo que se pode ver que *Fantasteak* ten múltiples interpretacións que comercian coa activación de subpalabras como *steak*, *teak* e a bebida Fanta, así como a similitude ortográfica e fonolóxica coa palabra completa *fantastic*, o que suxire unha gran voracidade na activación de subpalabras. Con todo, non todas as subpalabras da cadea parecen activarse xa que tamén contén as subpalabras *fan*, *ant*, *taste* e *tea* e aínda que a súa frecuencia media é superior, parecen ser relativamente inaccesibles dentro da cadea.

Libben argumenta que non se pode dicir que estes compostos teñan unha estrutura morfolóxica cando se coñecen por primeira vez, senón que a estrutura vén imposta polo analizador sintáctico e propón como heurística a activación Fuzzy Forward Lexical (FFLA), na que as letras iniciais se escanean de esquerda a dereita ata que se reconece unha subcadea coñecida.

Para demostralo decidiuse realizar un estudo a 24 estudantes da Universidade de Brock, ingleses nativos con idades comprendidas entre os 17 e os 26 anos que non aprenderan un segundo idioma antes dos dez anos, cunha boa visión e que recibiron créditos de curso ou 15 dólares pola súa participación. En total, os participantes viron e produciron 45 estímulos (15 compostos novos non ambiguos e 30 compostos novos ambiguos). A análise centrouse nos ensaios nos que os estímulos se teclearon sen erro, mostrando unha taxa global de precisión do 79%. Ademais, os resultados dos tempos de tecleo

mostraron efectos da frecuencia de bigramas, a localización con respecto aos límites dos constituíntes e a ambigüidade. Os datos de mecanografía concordaron coa hipótese do superestado léxico: mentres que os novos compostos non ambiguos mostraron un pico nos tempos de tecleo de letras no lugar entre os dous constituíntes do composto, os ambiguos mostraron tempos de tecleo de letras máis moderados nos dous lugares putativos entre constituíntes.

Este patrón de resultados é coherente coa opinión de que tales palabras ambiguas se atopan nun superestado léxico, de modo que o usuario da lingua pode empregar a interpretación máis adecuada da cadea, dependendo da situación. Por tanto, cando un participante atópase cun composto novo, debe crear unha interpretación en tempo real con referencia a posibles constituíntes internos. Libben considéao unha proba da existencia de superestados léxicos e de FFLA, aínda que cómpre destacar que isto podería ser unha adaptación específica do inglés, xa que noutras linguas como o alemán cabería esperar que os usuarios non crearán subcadeas finais xa que ten compostos máis longos e non espazados.

O quinto artigo, *Internal constituent variability and semantic transparency in N Prep N constructions in Romance languages* presenta un estudo cualitativo de corpus realizado por Inga Hennecke sobre a variabilidade da preposición nas construcións “substantivo-preposición-substantivo” (“N Prep N”) en tres linguas romance: español, francés e portugués.

A falta de variación interna considérase en xeral un diagnóstico de composicionalidade (e de idiomaticidade), e o debate sobre a importancia da variación preposicional nestes compostos é, por tanto, unha posible representación do debate sobre a fronteira entre sintaxe e morfoloxía. Este estudo permite extraer numerosas conclusións sobre a súa natureza, así como sobre o seu papel e a variabilidade. Para levar a cabo unha análise comparativa cualitativa frutífera, adoptouse un relato teórico, adaptando unha xerarquía de herdanza construcionista á variación constitutiva interna e nun nivel léxico intermedio. Este enfoque construcionista revelou os posibles modelos de variación preposicional nestas tres linguas romance, analizando tres pares alternantes: *de* e *à/a*, *de* e *en/em*, e *de* e *pour/para*.

Os resultados indicaron que as relacións semánticas e a transparencia semántica desempeñan un papel na variabilidade constitutiva interna do elemento preposicional. Ademais, a análise cualitativa demostra que, nos conxuntos de datos subxacentes, o portugués ofrece o maior número de persoais diferentes para a variación preposicional interna, seguido do francés e, a continuación, do español e o portugués tamén ofreceu o maior número de construcións (ou tipos). Este resultado confirma a impresión do estudo cuantitativo de que os persoais portugueses son frecuentes na fala e moi produtivas. Desde unha perspectiva cualitativa, no caso do par *de* e *en/em*, a variación preposicional interna só varía lixeiramente entre as linguas.

O penúltimo artigo deste volume *Production of multiword referential phrases: Inclusion of over-specifying information and a preference for modifier-noun phrases* de Christina L. Gagné, Thomas L. Spalding, J. Claire Burry e Jessica Tellis Adams, presenta un

experimento sobre as opcións de produción entre substantivos simples (can), sintagmas nominais con modificadores prenominais (can azul), que denominan «sintagmas nominais con modificador», e sintagmas nominais con información postnominal (un can que era azul), ou «frases completas».

Preséntanse dúas cuestións: a primeira é se o carácter distintivo da información modificadora nunha narración inflúe como se reproduce esa información posteriormente; e a segunda é se a exposición a determinadas estruturas sintácticas inflúe na forma na que un falante transmite esa información.

No experimento, 52 estudantes de introdución á psicoloxía participaron para obter créditos parciais do curso, todos falantes nativos de inglés. Nel construíronse 28 historias curtas, con menos de 65 palabras, nas que se variou tanto se a información modificadora era distintiva ou habitual (p.ex., pelo marrón) como a forma sintáctica en que se presentaba a información modificadora: como un sintagma nominal con modificador ou como unha frase completa. Estas dúas variables cruzáronse, o que deu lugar a catro condicións experimentais.

Os participantes tiñan que ler as historias a través dun ordenador e, a continuación, responder a dúas preguntas que requirían unha referencia á frase específica. Dous dos autores clasificaron as respostas en catro categorías segundo a forma en que os participantes se referían ao antecedente: sintagma nominal con modificador, frase completa, substantivo principal simple e unha cuarta categoría que se denominou *outros*, onde se incluían tres tipos principais de respostas: as non concretas (por exemplo, *non o sei, non o di*), nas que non respondían á pregunta e nas que non se refería directamente á referencia específica. En xeral, os participantes incluíron información modificadora; proporcionouse información modificadora en 962 das 1456 respostas, e a gran maioría (84%) destas respostas foron en forma de sintagma nominal con modificador.

Analizando as estatísticas anotouse que os participantes son máis propensos a incluír propiedades distintivas e máis propensos a responder con substantivos simples no caso da información non distintiva. Aínda que a selección dunha forma sintáctica estaba parcialmente influída pola forma na que se presentaba a información na historia, había unha forte tendencia xeral cara ao uso de sintagmas nominais con modificador, demostrando que tamén se producen para resaltar propiedades conceptualmente distintivas.

Gagné et al. conclúen que o contexto no que se utilizan as expresións lingüísticas proporciona indicios útiles sobre a forma que adoptará a expresión lingüística e permite comprender as expectativas/prexuízos que utilizan os usuarios das linguas durante a comunicación referencial. En resumo, sosteñen que os sintagmas nominais con modificador teñen preferencia de uso entre os frasemas e ofrecen un bo compromiso entre os principios opostos de transmitir suficiente información e utilizar estruturas sintácticas sinxelas.

O traballo que pecha o libro leva por título *Can you reach for the planets or grasp at the stars? – Modified noun, verb, or preposition constituents in idiom processing* un estudo de Eva Smolka e Carsten Eulitz que ten como obxectivo examinar se segue existindo unha lectura figurada cando se modifica unha das partes dunha frase feita e, por tanto,

se as frases feitas están “semanticamente fixadas”. Aínda que no artigo non se define explicitamente o que se entende por “semanticamente fixas” e cabe preguntarse se é a terminoloxía apropiada cando nos experimentos non se modificou a semántica das frases feitas, senón a súa forma.

Comenzan definindo o obxecto de estudo, considerando a frase feita como unha frase verbal na que tanto o verbo como o seu complemento se utilizan de forma non literal para producir unha interpretación idiomática global, que mostra algún tipo de anomalía morfosintáctica e cuxo significado figurativo está lexicalizado.

Tendo en conta estas tres propiedades realizáronse tres experimentos: un no que variaban os substantivos (por outro relacionado semanticamente ou por un non relacionado), outro no que variaban os verbos (por outro relacionado semanticamente ou por un non relacionado) e outro no que variaban as preposicións (lixeramente distinto xa que se variaba entre unha preposición diferente ou ben aparecía unha frase preposicional coa mesma preposición pero cun nominal diferente). Os experimentos foron realizados por tres grupos independentes de estudantes universitarios falantes nativos de alemán, e nos tres creáronse tres listas que incluían os tripletes das frases que se distribuíron de forma aleatoria e as probas consistían en emparellar unha paráfrase do significado da frase feita cunha frase que contivese ou a frase feita inalterada ou a alterada; ademais os participantes valoraban nunha escala de sete puntos a similitude de significado das dúas frases.

No seus resultados as frases cun constituínte lixeiramente alterado foron cualificadas como máis próximas en significado ás paráfrases que ás frases cun constituínte non relacionado; este efecto foi maior no segundo experimento, no que se substituíu o verbo, que nos experimentos nos que se substituíu o substantivo ou a preposición. Isto concluíu para as autoras que o significado figurado se acepta cando os constituíntes substantivos idiomáticos se modifican por sinónimos próximos ou asociados semánticos, de feito, as modificacións de todos os tipos de constituíntes (substantivos, verbos e preposicións) foron cualificadas como que reflectían mellor o sentido figurado que os constituíntes non relacionados. Ademais, indica que as representacións léxicas das frases feitas non son tan semanticamente fixas como se supuxo ata o de agora e conclúen que os significados figurados das frases feitas se activan mesmo cando parte da frase feita é suplantada, e que os constituíntes modificados poden contribuír á xeración do significado figurado.

Dado que os experimentos dos que aquí se informa non investigaron a comprensión en liña, esta afirmación en particular parece un pouco esaxerada, ademais as autoras si que admiten que serán necesarios futuros estudos para examinar cantos constituíntes idiomáticos poden modificarse á vez mantendo o sentido figurado da frase feita, polo que aínda quedan moitas hipóteses que crear e comprobar nesta teoría.

Por último, nas últimas páxinas da obra preséntase un índice cos nomes mencionados nos distintos artigos.

Este volume é interdisciplinario, polo que non pode ser cohesivo nun sentido estrito, con todo, todos os artigos incluídos abordan cuestións teóricas con algún tipo de estudo

empírico, polo que en conxunto dan unha boa idea da gama de enfoques que os/as investigadores/as están a aplicar. Ademais, aínda que son artigos independentes, a selección ten certa cohesión temática, que constitúe a principal achega deste volume no seu conxunto. Aínda así quizais serían aconsellables lecturas independentes de cada un deles, no canto dunha lectura total e sen pausa da obra, xa que os contidos son o suficientemente técnicos como para necesitar unha lectura exhaustiva.

As conclusións xerais que inclúen algúns dos artigos sobre as linguas romances son moi interesantes, aínda que se poderían abordar en profundidade ou contrastar con novos estudos que suplan a falta de investigacións do/dende o galego.

O único punto a destacar é que os experimentos e hipóteses veñen moi influenciados polas súas características particulares, o cal non reduce o valor das investigacións e razoamentos expostos, pero nalgúns casos fan do artigo unha peza independente que se sostén só baixo os datos utilizados e as súas análises, clasificacións e verdades aplicadas. Isto implica que poderían estar suxeitos a debate ou que algunhas das súas conclusións poderían estar completamente suxeitas ás características e datos específicos analizados; e isto confirmase cando nalgúns ocasións se admite por parte da autoría a necesidade de ampliar estas investigacións.

A pesar disto, estes sete artigos mostran, cunha estrutura sinxela e esquemática, experimentos prácticos e análises exhaustivas, cuestións de moito interese para o ámbito, con explicacións sen excesiva encriptación especializada/técnica (pero non por iso sen empregar a terminoloxía e teoría apropiadas).

A obra no seu conxunto expón marcos teóricos e prácticos novos, bases para máis investigacións e sobre todo destaca unha realidade no ámbito: a necesidade de investigación nestas ramas da fraseoloxía.

Nerea Peleteiro Fernández

Universidade de Vigo

<https://orcid.org/0009-0005-4720-6916>

peleteiro.fernandez.nerea.ald@gmail.com